

# 18/Me niños



# Índice

<b>P03</b>	<b>Saúdo da Directora Técnica</b>
<b>P04</b>	<b>Galicia</b>
<b>P05</b>	<b>Galicia/Asturias</b>
<b>P06</b>	<b>Madrid</b>
<b>P07</b>	<b>Voluntariado/Formación/Calidade</b>
<b>P08</b>	<b>Proxectos Educativos</b>
<b>P09</b>	<b>Responsabilidade Social Corporativa</b>
<b>P10</b>	<b>Principais Financiadores e Colaboradores</b>

Grazas a todas as persoas e institucións públicas e privadas que participan no proxecto de **Meniños**. Todas as actividades que aquí reflectimos desenvolvéronse grazas á súa colaboración, que desexamos continúe para poder seguir co noso labor de defensa dos dereitos da infancia e a adolescencia.

**Ilustración Portada:**  
**Laura Infante Riesgo**  
**Ilustración Interior**  
**Contraportada:**  
**Alicia Rubio**  
**Edita:**  
**Fundación Meniños**

D.L. C 3844-2007

## **Padroado:**

Valentín Escudero Carranza  
(Presidente)  
M<sup>a</sup> Elena García Gómez  
(Vicepresidenta 1<sup>a</sup>)  
José Manuel Villanueva Prieto  
(Vicepresidente 2<sup>o</sup>)  
Paula González Gundín  
(Secretaria)  
Juan José Varela Rodil  
(Vogal)  
José Jesús Sánchez Marín  
(Vogal)  
M<sup>a</sup> del Carmen Fernández Eire  
(Vogal)  
Nuno Matias da Silva Ferreira  
(Vogal)

## **Equipo Humano:**

Directivos/as: 6  
Psicólogos/as: 24  
Pedagoga: 1  
Educadores/as Sociais: 6  
Traballadores/as Sociais: 12  
Téc. Comunicación: 1  
Técnico de Xestión: 1  
Administrativos: 3

## **Composición do Equipo Directivo:**

Mónica Permuy López  
(Directora Xeral)  
Kucha Movilla Fidalgo  
(Directora Técnica)  
Pilar Parga López  
(Directora de Xestión)  
M<sup>a</sup> Begoña Pallas García  
(Adxunta á Dirección de Xestión)  
Lourdes Acero Rico  
(Delegada en Madrid)  
Elvira Álvarez Baz  
(Delegada en Asturias)  
Santiago Míguez Caridad  
(Asesor Xurídico)

## Saúdo da Directora Técnica

Ola! O meu nome é Kucha Movilla e son a Responsable da Dirección Técnica de **Fundación Meniños**. A miña tarefa na organización é realizar a coordinación técnica de todos os programas que levamos a cabo.

Gustaríame presentavos un novo programa promovido pola Deputación de Lugo que estamos desenvolvendo desde novembro.

Trátase dun proxecto para a detección e avaliación de necesidades relativas á conflictividade na adolescencia nos concellos de Viveiro, Burela, Foz, Ribadeo, Monforte, Sarria, Chantada, e Vilalba, repartidos en 4 equipos de intervención.

Está dirixido a familias con menores que presentan problemas de convivencia, desestruturación, falta de pautas educativas, etc... e a participación no mesmo é voluntaria.

Tras unha primeira fase de estudio e valoración das necesidades dos adolescentes en conflito desenvolverase un programa específico de atención familiar e prevención de violencia na adolescencia.

Para desevelo puxemos en marcha novos equipos de intervención que realizarán unha tarefa de apoio específico para os Servizos Sociais Municipais nas súas intervencións.



**Kucha Movilla Fidalgo**

Neste momento atopámonos nunha etapa de implantación e adaptación do programa. Os nosos técnicos sintense ilusionados ante o reto que supón poñer en marcha un novo proxecto, que están construíndo conxuntamente cos equipos técnicos dos concellos nos que se intervén, cos que se coordinarán ao longo de toda a intervención.

O equipo valora que o programa está sendo ben acollido polas familias, que amosan unha boa predisposición cara o mesmo.

En canto ás características das familias do programa, que residen nun ámbito eminentemente rural, destaca como aspecto positivo a rede de apoios con que contan entre os seus veciños, e como carencias o illamento e a escaseza de recursos.

**Kucha Movilla Fidalgo**  
**Directora Técnica**

# Galicia


## Libro Solidario “Milu”

En maio deste ano publicouse o álbum ilustrado **“Milu”**. Trátase dun libro infantil baseado na historia do noso personaxe do mesmo nome, que pretende reflectir a situación de moitos nenos e nenas en dificultade social.

A edición deste libro foi posible grazas ao autor **Manuel Rivas**, a ilustradora **Aitana Carrasco**, e a editorial **Kalandraka**, a quen transmitimos o noso agradecemento.

O acto de presentación de **“Milu”** tivo lugar o pasado de 12 de maio na Fundación Luis Seoane da Coruña, e o seu autor e ilustradora firmaron exemplares do libro tanto na Feira do Libro de Madrid como na da Coruña.

Esta publicación é un “libro solidario”: o 10% das súas vendas será doado a Meniños para que poidamos seguir desenvolvendo os nosos proxectos a favor da infancia.



Portada de “Milu”

## Posta en marcha do proxecto “Conecta” en Ferrol

O proxecto **“Conecta”** ten como obxectivos a valoración das necesidades dos adolescentes en conflito e das súas familias, e o desenvolvemento dun programa específico de intervención.

Superada a fase de valoración e estudo, e unha vez creado un manual e protocolo de intervención psicolóxica, comezou en outubro a intervención coas familias.

As accións están centradas na terapia e apoio (tanto individual como grupal) a estas familias mediante actuacións no ámbito familiar, educativo e social. Realízase unha actuación global, integradora e multidisciplinar que proporcione o marco máis axeitado para a prevención e a solución dos problemas.

**Meniños** desenvolve este programa en Ferrol xunto coa **Unidade de Investigación en Intervención e Coidado Familiar (UICF)** da **Universidade da Coruña**.

## Commemoración do Día dos Dereitos da Infancia

### Presentación de “Mundo de Milu”

El 15 de novembro desenvolveuse unha presentación teatralizada do portal educativo de Meniños “Mundo de Milu” no Centro Cívico de Palavea (A Coruña).

### Ciclo de Cine

Organizamos o ciclo de cine “Día dos Dereitos da Infancia” xunto coa Concellería de Benestar de Pontevedra, o Cine Club Pontevedra e a Biblioteca Pública Antonio Odriozola. Durante o mesmo proxectáronse películas de animación para todos os públicos que salientaban os valores da amizade, a solidariedade, e o valor da diferenza.

### Xogo das Familias no Mundo

O 19 de novembro o Equipo Municipal de Atención Familiar do Concello de Pontevedra levou a cabo unha acción de sensibilización e difusión a través deste xogo no colexio Froebel de Pontevedra, con alumnado de Educación Infantil.

### Contacontos “Contos nas Orelas”

O 26 de novembro, a contacontos Bea Campos, compoñente de Migallas Teatro, levou a cabo unha sesión especial dedicada aos Dereitos da Infancia na Biblioteca Pública Antonio Odriozola de Pontevedra.

### Actividades na Biblioteca Provincial de Lugo

Os asistentes puideron gozar da actuación do mago David Méndez e a actividade “Contar e Cantar” posta en escea polo profesor de música Antón Castro. Leuse ademáis un manifesto en defensa dos dereitos da infancia.

## Asturias

### Concurso de debuxos e relatos sobre acollemento familiar

Co obxectivo de achegar aos nenos e nenas ás necesidades da infancia que se atopa en situación de risco e fomentar así a súa sensibilidade cara outras realidades familiares, **Meniños**, xunto coa **Fundación Alimerka** e **Cartonajes Vir**, organizou un concurso infantil de debuxos e relatos. O concurso estaba dirixido a nenos e nenas entre os 3 e os 12 anos, que presentaron traballos ilustrativos do que significaba para eles o acollemento familiar.

Tras a finalización do concurso expúxose una mostra de ditos traballos na Casa de Cultura de Lugones (Siero).



Debuxo Gañador Categoría Infantil  
Pablo Fernández Rellán

# Madrid

## Campaña de Difusión do Acollemento Familiar

Grazas á colaboración de **Aeropuertos Españoles y Navegación Aérea (AENA)** e a financiación da Fundación **AXA de Todo Corazón**, Meniños desenvolveu unha intensa campaña de difusión do acollemento familiar durante o mes de setembro.

Ao longo de todo o mes contamos cun stand nas terminales T2 e T4 do Aeroporto de Barajas a través do que se ofreceu aos viaxeiros información acerca dos programas de acollemento familiar “Se Buscan Abrazos” e “Se Buscan Familias Paraguas”.

O obxectivo principal desta campaña era ampliar a rede de familias de acollida dentro da Comunidade de Madrid, así como dar a coñecer á sociedade en xeral unha realidade na que se atopan moitos nenos e nenas, presentando o acollemento como un recurso de protección para eles.

## XI Encontro de Familias Acolledoras

O pasado 25 de setembro celebrouse o Encontro Anual para as familias que forman parte dos programas de acollemento familiar no Centro Educativo Internacional “El Jarama” de Talamanca del Jarama, Madrid.

Á actividade asistiron 72 persoas acolledoras e 68 nenos e nenas, que estiveron acompañadas por Jesús Rubio, Xefe da Unidade de Acollemento Familiar da Comunidade de Madrid, Mónica Permy, Directora Xeral de Meniños, e o persoal técnico e voluntario da Fundación.

O encontro contou coa colaboración especial de Laura Heckel e Ana Badía, representantes da asociación **La Voz de los Adoptados**, que desenvolveron un obradoiro para acolledores titulado “A elaboración das orixes e a historia de vida”. Paralelamente, os máis pequenos gozaron de varias actividades de granxa-escola.



Actividade de granxa-escola para nenos e nenas

## Voluntariado

Un ano máis contamos coa inestimable axuda das persoas que de forma solidaria e altruista apoian e comparten a nosa visión e valores. Máis de 50 persoas voluntarias colaboraron cos distintos proxectos que levamos a cabo durante este ano.

Salientamos a colaboración na campaña de difusión do acollemento familiar nas instalacións aeroportuarias T2 e T4 de Barajas, a presenza na tenda **IKEA** da Coruña con motivo da campaña de inauguración da mesma, e a participación no encontro de familias acolledoras de Madrid.

## Formación

No desenvolvemento do noso plan de Formación temos levado a cabo numerosas accións. A nivel interno realizáronse 9 formacións cunha duración de 212 horas, e 6 reunións técnicas con 49 horas.

A nivel externo salientamos o **III Seminario Internacional “Terapia Familiar e Práctica Sistémica”** que se celebrou o 9 de xullo no Campus de Ferrol. O obxectivo era reunir estudantes de postgrao, investigadores e profesionais para compartir e discutir proxectos e programas dedicados á repercusión da violencia doméstica na infancia.

Nesta mesma liña estamos traballando nun proxecto conxunto coa Universidade da Coruña e o Instituto de Acción Social do Goberno de Azores, co que ademais iniciamos en decembro unha nova acción formativa sobre acollemento familiar.

## Calidade

Meniños recibiu o **Certificado de Calidade ISO-9001** xunto con outras 21 entidades sociais galegas e 5 valencianas nun acto celebrado o pasado 19 de febreiro na Coruña.

A nosa entidade formou parte do Programa de Formación e Consultoría **“Socialia Calidade”**, de **Obra Social Caixa Galicia**, que ofrecía ás ONG participantes os conceptos e prácticas necesarios para implantar un sistema de xestión da calidade.

Este certificado representa un recoñecemento de calidade de validez internacional que acredita o bo funcionamento do noso proceso de intervención familiar.

Desde a consecución deste certificado estivemos traballando na evolución e perfeccionamento do noso Sistema de Xestión da Calidade, para garantir que a atención prestada a nenos, nenas y familias é rigorosa e eficaz.



Acto Entrega Certificacións ISO-9001  
na Coruña

## Proxectos Educativos

2010 foi un ano moi intenso e produtivo no eido das actuacións de carácter educativo e preventivo.

### “Responsable e solidaria”

Este proxecto englobaba as actuacións feitas ao redor da proposta educativa Facendo Familias, así coma do portal web O Mundo de Milu.

Destacamos a participación final de case 8.000 nenos e nenas de 180 colexios de Galicia, co apoio de preto de 600 profesores e profesoras. Por outra banda, e aínda sen rematar a fase de inscricións no presente curso, achéganse ao centenar os colexios que xa teñen formalizado as mesmas.

Con respecto á web, ademais das actualizacións nas seccións de novas e recomendacións, ou da presentación de propostas e materiais educativos, estamos a traballar na sección de galerías, para que se converta nun portal que visibilice os traballos feitos polos nenos e nenas nas diferentes actuacións.

### “Cando o semáforo está en ámbar”

Preséntase como novidade aos colexios neste curso 2010/11, tras un grande esforzo no deseño e elaboración dos materiais.

Pretende ofrecer diferentes ferramentas e servizos aos centros educativos, para facilitar a atención preventiva a situacións problemáticas cun nivel de gravidade medio ou baixo, evitando o seu empeoramento e posibilitando unha solución efectiva.

Queremos destacar do traballo dos últimos meses a publicación coa que rematamos o concurso levado a cabo no pasado ano co gallo da proposta Facendo Familias: un boletín que recolle os debuxos, murais, relatos... dos nenos e nenas, e que nos dan unha mostra moi clara e fermosa da súa visión sobre a familia. Tédela á vosa disposición nas nosas páxinas web.



Portada Boletín  
“Facendo Familias Curso 09/10”

# Responsabilidade Social Corporativa

## “Bloggers Collection” de women’secret

“*Blogger’s Collection*” consta de 4 mini-coleccións deseñadas para **women’secret** por conocidas bloggers españolas. Trátase dun proxecto solidario, no que cada blogger escolleu unha ONG á que doar as vendas recadadas pola súa colección.

Stella, creadora do blog **www.stellawantsdtodie.net**, creou unha colección cómoda inspirada nas viaxes, e elixiu a **Meniños** como destinataria da súa colaboración. A doazón, cun importe de 25.000 euros, irá destinada aos Programas de Acollemento Familiar que desenvolvemos na Comunidade de Madrid.

A presentación oficial das coleccións tivo lugar o pasado 14 de setembro en Madrid.



Presentación de  
**Blogger’s Collection**

## Colaboración IKEA A Coruña

**IKEA A Coruña** colaborou con **Meniños** a través das vendas do coxín en forma de corazón **Famnig Hjärta**, durante o primeiro mes de actividade da tenda.

**Meniños** destinará o importe da doazón, que ascendeu a 12.710 euros, ao proxecto “**Responsable e Solidaria**”, que ten como principal obxectivo promover e fomentar un bo trato á infancia no ámbito social, educativo e familiar.

Así mesmo, financiaranse os proxectos de innovación e estudos, que nos permiten avaliar a nosa intervención e mellorar os servizos que dan resposta ás distintas problemáticas familiares.



Entrega da doazón de **IKEA** a  
**Fundación Meniños**

# Principais Financiadores e Colaboradores

## públicos:

- Deputación Provincial da Coruña
- Secretaría Xeral de Familia e Benestar. Xunta de Galicia
- Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad
- Instituto Madrileño del Menor y la Familia. Comunidad de Madrid
- Instituto Asturiano de Atención Social a la Infancia, Familia y Adolescencia. Principado de Asturias
- Área de Benestar Social e Patrimonio. Concello de Pontevedra
- Concellaría de Mocidade, Solidariedade e Normalización Lingüística. Concello da Coruña
- Consellería de Traballo e Benestar. Xunta de Galicia
- Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado. Xunta de Galicia
- Deputación Provincial de Lugo
- Concello de A Coruña
- Concello de Ames
- Concello de Ourense
- Concello de Vigo
- Concello de Lugo
- Deputación Provincial de Pontevedra
- Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica. Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Xunta de Galicia.

## universidades:

- Universidade da Coruña
- Universidade de Santiago de Compostela
- Universidade de Vigo
- UNED

## privados:

- Obra Social y Cultural CajAstur
- Fundación AXA de todo Corazón
- Bancaja
- Caja Duero
- Fundación CEO
- Fundación Solidaridad Carrefour
- Obra Social Caja Madrid

## entidades colaboradoras:

- Fundación Lealtad
- women'secret
- IKEA A Coruña
- Kalandraka Editora
- AENA. Aeropuertos Españoles y Navegación Aérea
- 100x100 Comunicación+Creatividad
- Sol Meliá
- Escolas Infantís “Os Pequerrechos”
- Difusión, Deseño e Publicidade
- Ekinocio Comunicación
- La Opinión
- Fundación Alimerka
- Cartonajes Vir
- Lugami Artes Gráficas
- La Voz de Galicia
- AGALIP
- La Región
- Banco Gallego
- Metátese Teatro
- Alentía Teatro
- CPI de Vedra
- Instituto de Ação Social do Governo de Açores (Portugal)
- Centro de Terapia Familiar e Intervención Sistémica (Açores).
- Mundos de Vida (Portugal)
- M80 Radio
- Gas Natural Galicia
- Colegio Oficial de Psicólogos de Madrid
- Colegio Oficial de Psicólogos de Galicia
- USP Fundación Álex
- Sindicato de Traballadores do Ensino de Galicia (SETG)



## Sede Central

### A Coruña

Avda. de Cádiz 5,  
2º Esq. (Edif. A Milagrosa)  
15008 A Coruña  
T 981 269 955 F 981 256 003  
meninos@meninos.org

## Delegacións

### Madrid

Cuatro Amigos 5, Esc. Esqda. 1º C  
28029 Madrid  
T 91 398 04 65 F 91 398 04 66  
meninos.madrid@meninos.org

### Asturias

Santa Clara 8, 5º C  
33001 Oviedo  
T 985 208 124 F 985 209 029  
meninos.asturias@meninos.org

### Lugo

Avda da Coruña 40, 1º  
27003 Lugo  
T 982 254 325 F 982 221 662  
meninos.lugo@meninos.org

### Ourense

Progreso 5, Oficina 6  
32005 Ourense  
T 988 234 074 F 988 269 928  
meninos.ourense@meninos.org

### Pontevedra

Avda. Fragoso 48, Int. Baixo  
36210 Vigo  
T 986 240 436 F 986 247 759  
meninos.pontevedra@meninos.org

Sor Lucía 2, 3º  
36002 Pontevedra  
T 986 850 156 F 986 846 145  
adolescentes.pontevedra@meninos.org

RESPOSTA COMERCIAL  
Autorización nº 1.545.694  
B.O.C. do 22/11/96

NON PRECISA  
SELO.  
A FRANQUEAR  
EN DESTINO

